biblioteca infantil
Fundación ONCE

CONTOS QUE CONTAXIAN ILUSION

bibliotecainfantil.fundaciononce.es

Fundación ONCE

1



# REGINA
## AS DA COCIÑA

2

Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.





## SOBRE A XORDOCEGUEIRA

Os xordocegos son persoas que non ven nin oen coma ti, fano de XEITO DIFERENTE. Poderás recoñecelos facilmente, pois usan un caxato VERMELLO E BRANC para se identificaren.

Pero non todos son do Atleti, que conste!

Malia poida parecelo, a xordocegueira NON SON DÚAS DISCAPACIDADES xuntas, é unha única discapacidade que ten as súas propias peculiaridades.

Uns naceron con esta déficit. Outros perderon aos poucos algún destes dous sentidos. En calquera dos casos, o que teñen en común é a súa dificultade á hora de comunicarse, por iso precisan dun MEDIADOR. A través das mans, o mediador transmite todo o que acontece ao seu redor, axúdaos e aconséllaos, e así poden identificar mellor as sensacións que non poden percibir.

Regina é unha nena xordocega que, malia as súas dificultades para se comunicar, creou un mundo marabilloso ao seu redor. Queres coñecelo?



Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.

Ola, rapaces! Son Regina,
ás da cociña!!!

**OS QUE ME COÑECEN CHÁMANME ASÍ.**

Queredes que vos conte por que?



Vivo nunha granxa de vacas en Galicia, xunto cos meus PAIS.
Vivir nun lugar así é moi estimulante porque está cheo de vida.
O caso é que, por algunha razón, a miña vista e o meu oído foron debilitándose.
No entanto, o resto dos MEUS SENTIDOS fueron despertando.
O olfacto, o gusto e o tacto.



A que non vos parastes a pensar
que o mundo SE ULE,
SE SABE
e SE SENTE?



Imprimeix en un full mida Din4 o Din

Pinta i retalla per la línia contínua, doblega per la línia discontínua.

Antes de que a miña vista se apagase, corría pola GRANXA ao meu aire.

Por iso, LEMBRO todos os seus recunchos aínda que non os vexa.

Aproveito
todo o que teño ao meu redor
para aprender, estou conectada
co mundo:
O ORBALLO,
AS FLORES,
a baba dos caracois,
A CHUVIA...





Imprimeix en un full mida Din4 o Din

Pinta i retalla per la línia contínua, doblega per la línia discontínua.




Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.

Outra sensación curiosa
é a do
**tacto**
das **zocas**,
de papa
cheas de lama
e de bostas de vaca.



MAXÍNOME QUE É UN MOCO DE TROLL



A comunicación é moi necesaria.

A maioría usa as **palabras**.
Eu uso a lingua de signos
e un sistema alfabético táctil
(ou sexa, que vou deletreando coas miñas mans o que quero dicir).
Agostiño é o meu mediador e foi quen nolo ensinou a min e a toda a miña FAMILIA, claro.
Pero ademais, coma son moi creativa, tamén utilizo a cociña para expresarme.
Por iso chámanme "AS DA COCIÑA".



Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.

A MIÑA AVOA, Genoveva,

Genoveva era cociñeira

e aprendeume

os cheiros,

os sabores

e as texturas.

É tan divertido

enredar coa

FARIÑA

as hortalizas

ou o aceite



13

Cando me sinto insegura, pídolle axuda á miña avoa e métome na COCIÑA para guisar

"caldo gallego".

Cando me SINTO FELIZ, fago

"TORTA DE SANTIAGO".



14

Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.

E cando preciso
dicirlle a alguén que
o quero,
un bo

POLBÓ á GALEGA!





Para cociñar hai que ter

MOITA PACIENCIA, UN CHISCO DE TALENTO, TODO O AMOR DO MUNDO
E BASTANTES GANAS DE ESFORZARSE.

Xa o dicia a avoa "Geno":

« comer sen traballar non se debe tolerar ».





Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.





Así que me esforzo por seguir aprendendo receitas para publicalas no meu blog.

Sabes?

Teño un ordenador adaptado ao sistema braile.

Algún día serei unha importante referencia gastronómica. Como teño un padal aventureiro, , percorrerei o mundo en busca de novos sabores para comentalos cos meus seguidores.

Sabiades que en Australia hai hamburguesas de cocodrilo ?

FIN

Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.